



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado venres, 2 de setembro, publicouse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria do **Programa Ignicia proba de concepto**.

Con esta publicación, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) pon en marcha un programa tan novedoso coma necesario, que ofrecerá **asesoramento, acompañamento, informes e investimento público** aos proxectos dos investigadores dos centros de coñecemento en Galicia, co obxectivo de **valorizar os resultados da investigación e facilitar, acelerar e aumentar o éxito da transferencia de tecnoloxía de cara ao mercado**. Cómpre destacar que GAIN contará, nesta convocatoria, co asesoramento técnico e a experiencia metodolóxica do recoñecido Fondo Ciencia da Fundación Barrié.

Os proxectos apoiados deberán ser promovidos por organismos públicos ou privados de investigación e reunir as seguintes características: **debe existir un resultado da investigación** (mínimo nivel 4 de madurez da tecnoloxía), con **potencial de transferencia e de xeración de retornos económicos** no curto ou medio prazo, e debe contar cun **equipo comprometido** con esta saída ao mercado.

Ademais da obtención dun informe sobre o estado da ciencia e un plan de desenvolvemento e comercialización, os proxectos seleccionados obterán **apoio económico** destinado a financiar os gastos derivados do proceso de transferencia. Para iso, o programa conta nesta primeira convocatoria cunha **dotación orzamentaria de 5.500.000 euros até o 2018**, que permitirá aprobar investimentos para 20-30 proxectos de investigación desenvolvidos en Galicia.

Para participar nesta convocatoria está xa habilitado o **procedemento IN855A na Sede Electrónica da Xunta de Galicia**. Así mesmo, o

vindeiro 16 de setembro, na sede da Coruña da **Fundación Barrié** , e o 20 de setembro, na sede de Vigo, celebraremos sendas Xornadas Técnicas destinadas a ofrecer información detallada do programa IGNICIA e resolver as vosas dúbidas. Podes inscribirte ou obter máis información no correo electrónico servizos.gain@xunta.gal e os teléfonos 981 54 10 73, 981 33 71 10 e 981 95 73 93.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.